

MEMORIA ACTIVIDADES ANO 2022



Acompañamos a persoas con discapacidade intelectual nos seus proxectos de vida para acadar autonomía persoal e a inclusión social cos apoios precisos



ÍNDICE

1. DATOS IDENTIFICATIVOS	páx. 3
2. CONTEXTUALIZACIÓN.....	páx. 4
3. SERVICIOS, PROGRAMAS E ACTIVIDADES AO LONGO DO ANO 2022	páx. 5
4. COORDINACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES.....	páx. 11
5. RECURSOS PERSOAIS.....	páx. 12
6. HORARIOS.....	páx. 14
7. SUBVENCIÓN E AXUDAS.....	páx. 15



1. DATOS IDENTIFICATIVOS

- Denominación: **AMIPA. ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA COMARCA DO SAR**
- Identificación fiscal: G-15611536
- Sede social: CENTRO SOCIAL – CAMPO DO SOUTO, s/n. 15900 – PADRÓN (A CORUÑA)
- Enderezo: REITORAL DE SAN TOMÉ DE SORRIBAS, nº2. 15980 ROIS (A CORUÑA)
- Teléfono: 981 817 202
- Inscrita co Nº E-1031 no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Benestar da Xunta de Galicia desde o día 28 de novembro de 1997.
- AMIPA foi Declarada Entidade de Utilidade Pública (Orde do 30 de Setembro de 2009. DOG nº 203).
- Enderezo electrónico: amipa@asociacionamipa.gal
- Páxina web: www.asociacionamipa.gal



2. CONTEXTUALIZACIÓN

O ámbito territorial de actuación prioritaria da Asociación AMIPA é a Comarca do Sar, formada polos municipios de Padrón, Rois e Dodro. Dende o ano 2017, AMIPA presta tamén servizos a unha persoa do Concello de Brión e a dúas persoas do concello de Teo. E en 2022 prestou servizos en praza privada a unha persoa do Concello de Santiago.

AMIPA xestiona o Centro Ocupacional de Sorribas que segue a ser o único recurso de referencia especializado na atención a persoas con discapacidade intelectual (en diante, PcDI), situado na devandita comarca. Este servizo de atención diúrna conta, dende 2022, con 24 prazas públicas autorizadas para PcDI con necesidades de apoio límite e intermitente, con idades de ingreso comprendidas entre os 18 e 59 anos.

O centro ocupacional é un recurso para a atención das PcDI e a promoción do seu desenvolvemento persoal e autonomía funcional, a través de procesos de formación individualizados, da práctica ocupacional, da participación na vida da comunidade e da creación de redes naturais de apoio para a súa inclusión social e laboral.

No ano 2022, AMIPA prestou servizos a un total de 25 persoas con discapacidade intelectual, 14 mulleres e 11 homes, de idades comprendidas entre os 20 e os 68 anos, e aos membros das súas unidades de convivencia.

AMIPA aposta, un ano máis, pola individualización dos apoios a todas as persoas con discapacidade intelectual, na procura da súa máxima autonomía e benestar. Asemade, o avellentamento das persoas con discapacidade en centros ocupacionais, das súas familias e de profesionais, plantexa moitas dificultades e retos, especialmente en contornas rurais como a nosa, o cal esixe maior intensidade na prestación de apoios e maior número de profesionais.

Todas as persoas con discapacidade contan co seu Plan Individual de Atención (PIA), para desenvolver os seus proxectos persoais, acompañados por unha profesional de apoio, mantendo reunións de seguimento cando as persoas con discapacidade intelectual o demanden ou se considere necesario por parte da profesional de apoio.

No desenvolvemento dos programas e servizos do Centro Ocupacional, así como no PIA de cada persoa con discapacidade, percíbese que a idade das PcDI agrava as situacións de dependencia, o que vén determinando maiores necesidades de atención e apoio, ademais da necesidade de recursos diferentes. En 2022, as persoas maiores de 45 anos atendidas foron 13, das cales 9 son mulleres e 4 homes, supoñendo o 52% das persoas atendidas.



3. PROGRAMAS E SERVIZOS DESENVOLVIDOS AO LONGO DO ANO 2022

Ao longo do ano 2022 AMIPA desenvolveu unha rede de servizos, programas e actividades na procura de que ás persoas con discapacidade intelectual foran as protagonistas. Nas distintas áreas formuláronse diferentes accións a desenvolver coas propias persoas con discapacidade intelectual, a nivel interno dentro da organización, cos membros das súas familias ou en relación coa contorna.

E así, o centro ocupacional organizouse arredor de distintas **áreas**:

3.1 Xestión administrativa e coordinación

3.2 Formación ocupacional das persoas con discapacidade intelectual. Fai referencia a:

- **Taller de Artesanía**, inspirada no rural e na natureza, con 2 postos de venta: na Casa Museo Rosalía de Padrón e na Panadería San José, de Padrón e Rois. A venta, a través de pedidos, tamén se realiza nas propias instalacións do centro.
- **Taller de manipulado de aluminio** para a empresa STAC SL
- **Taller de manipulado para Nestlé España S.A.**, fábrica de Pontecesures (Pontevedra). Elaboración de patróns de fundas para máquinas de produción.
- **Taller de Agricultura Ecolóxica**, no invernadoiro das instalacións do centro.
- **Taller de Packaging** para Panificadora San José (Rois), no mes de decembro.

3.3 Servizo de atención individualizado:

- **Plan de Atención Individualizada (PAI).** Cada persoa xunto co seu profesional de referencia, participa na elaboración do seu plan de atención, que recolle unha serie de obxectivos a traballar, a demanda da persoa ou por valoración profesional (e sempre consensuados coa persoa).
- As persoas asumen **responsabilidades e tarefas na vida do centro** ocupacional segundo os seus intereses (por exemplo: posta e recollida de mesa, exposición de menús adaptados cognitivamente, recollida do pan, rega de plantas, tarefas sinxelas de mantemento das instalacións, colocación do panel de quendas nas distintas actividades, recollida de cartas no buzón, rexistro de temperaturas de neveiras, entrega de cartas, recollida de papeleiras, clasificación e destrución de documentación...)



- **Participación das persoas no 25º aniversario da asociación,** celebrado nas instalacións do centro a mañá do o 27 de maio de 2022. As persoas participaron no deseño e elaboración de decoración do centro, na elaboración dun biscoito para servir como aperitivo, na limpeza e colocación de cadeiras, na limpeza do xardín e horta...

No acto de celebración 3 persoas con discapacidade e a xerente presentaron o acto e fixeron unha traxectoria pola historia da asociación e trasladaron os retos de futuro. Neste acto de celebración estiveron presentes representantes: políticos da Xunta de Galicia e concellos da comarca, do arzobispado de Santiago, de empresas e entidades bancarias colaboradoras, da Federación Fademga Plena Inclusión, da patronal da discapacidade IN-RED, de asociacións de distintos lugares de Galicia, de centros educativos cos que colaboramos, de servizos sociais da comarca, oficina municipal de voluntariado de Padrón, CIM Terras de Iria, persoas sociais, familiares, profesionais, persoas voluntarias...

3.4. Servizo de Terapia Ocupacional

- Taller de cociña creativa.
- Relaxación.
- Estimulación cognitiva.
- Manexo de novas tecnoloxías.

3.5 Xénero e Diversidade

Desenvolvemos un novo programa no cal participan un grupo de 8 mulleres con discapacidade intelectual de AMIPA.

Lévanse a cabo conversas e dinámicas de sensibilización que abordan diversos contidos das teorías feministas de utilidade para o empoderamento das mulleres con discapacidade no seu día a día.

3.6 Servizos Externos

- **Servizo psicolóxico,** no que participan 6 persoas do centro, 5 mulleres e 1 home
- **Música á carta,** no que participan 7 persoas, 5 mulleres e 6 homes.
- **Servizo de ocio.** Ofrecemos actividades de ocio a través das empresas privadas Arenaria e Tempus.



3.7 Orientación e apoio ás familias.

Destacar que comezamos coa publicación do Boletín trimestral AMIPA (Enviado ás familias nos meses de marzo, xuño, setembro e decembro).

3.8 AMIPA tamén prestou os seguintes servizos complementarios:

- **Ocio/Saídas/Festividades.** Realizamos actividades como:
 - Actividades de ocio grupal: luns e mércores pola tarde.
 - Saídas grupais significativas na contorna próxima: todos os venres en grupos por afinidades persoais, de máximo 8 persoas.
 - Celebración de festividades destacables.
 - Servizo de ocio propio durante as vacacións de verán (mes de agosto):
 - 08/08/2022: Viaxe ao parque acuático "Aquapark" de Cerceda
 - 09/08/2022: Ruta por Fisterra (pasando pola Cascada do Ézaro)
 - 11/08/2022: Ruta por Noia
 - 12/08/2022: Ruta polo Barbanza
- Actividade de "Deporte e saúde" no centro e entorno próximo, no que participan 2 monitores deportivos dos concellos de Padrón e Rois.
- Servizo de transporte, propio e subcontratado, con rutas polos concellos de Dodro, Rois, Padrón, Teo e Brión.
- Servizo de comedor propio, con dietas personalizadas a cada comensal por un médico.

3.9 Celebración de festas.

- Febreiro 2022: **Entroido.**
- Xuño 2022: **San Xoán.**
- Xullo 2022: **Actuación musical do músico Johnny Vergara.**
- Xullo 2022: Festa do verán coa actuación dos **músicos Joammy Fonseca e Margori Díaz.**
- Outubro 2022: **Festa do Samaín.**
- Outubro 2022: **Festa do Magosto.**
- Decembro: **Comida de Nadal** no restaurante "O Padriño", en Brión (A Coruña), coa **actuación musical do solista Luis Rey.**

3.10 Celebración de Días "D"

- Febreiro, **Día de Rosalía**, no centro e acudimos ás "Tertulias Clandestinas", un evento cultural do Concello de Padrón no Xardín Botánico. 2 persoas de AMIPA participaron na lectura da poesía da célebre escritora, acompañados por 1 profesional de apoio.



- Marzo, **8M Día da muller**, participamos no acto organizado polo CIM Terras de Iria, no que 1 das mulleres homenaxeadas foi unha muller con discapacidade de AMIPA, que destacou na súa traxectoria deportiva como atleta a nivel nacional.
- Maio, **25º Aniversario da asociación**, nas instalacións do centro e no que contamos coa presenza de representantes políticos da Xunta de Galicia dos concellos da comarca, empresas colaboradoras, arzobispado, banca, sanidade, centros educativos, outras asociacións, persoal de concellos...
- Novembro, **25N, Día da Non Violencia de Xénero**, no centro mediante varias dinámicas sobre a orixe deste día e lectura dun manifesto. Ademais, 7 persoas participaron no acto organizado ese día polo Concello de Boiro, coincidindo cunha saída comunitaria.
- Decembro, 3 de decembro, **Día Internacional das Persoas con Discapacidade**, no centro mediante varias dinámicas e lectura dun manifesto.

Tamén nos sumamos a outros días a destacar mediante a **difusión nas redes sociais**:

- Por exemplo: **"Baixo o Mesmo Paraugas"** con outras entidades galegas que acompañan a persoas con diversos tipos de discapacidades. Campaña en redes no Día Internacional das Persoas con Discapacidade, 3 de decembro.

3.11 Actividades de apertura do centro ocupacional e participación comunitaria

- **Libros Viaxeiros en lectura fácil:** continuamos desenvolvendo este proxecto, conxuntamente coa Oficina Municipal de Voluntariado do Concello de Padrón, realizando un encontro mensual nos diferentes establecementos hostaleiros do concello adheridos ao proxecto, coa colaboración da coordinadora de voluntariado de Concello de Padrón. Esta dinamiza no centro unha sesión semanal de lectura con persoas con discapacidade das obras escollidas polas mesmas para o encontro mensual.
De AMIPA participan 6 persoas con discapacidade con e sen lectoescritura. Os encontros e obras comentadas foron:
 - 15/02/2022: El misterio del Camino de Santiago.
 - 22/03/2022: La hija del mar.
 - 03/05/2022: El misterio de cuarto amarillo.



- 12/07/2022: Marcus Marc y la ruta de la madera. (No xardín botánico de Padrón e posteriormente petiscos no Bar-restaurante O Alpendre).

A partir do mes de outubro, retomouse a participación el locais de hostalería do Concello de Padrón, como se facía ata marzo de 2020:

- 27/10/2022: Moito ruído e poucas noces (no Lagar de Jesús, Escravidude).
 - 24/11/2022: Miguel Strogoff (na Casa do Patín, Padrón)
-
- **Voluntariado Sénior:** dende xullo mantemos encontros periódicos nas instalacións do centro, con persoas do devandito programa do Concello de Padrón, no que participan 7 persoas voluntarias e 17 persoas do centro. Dinamizan xogos populares e unha posterior convivencia que posibilita a creación de lazos persoais interxeracionais.
 - **Escola de Pensamento Libre:** proxecto de FADEMGGA Plena inclusión Galicia e a Asociación de Filosofía, para empoderar ás persoas con discapacidade intelectual dende o pensamento en liberdade. Entre xaneiro e xuño acudiron 1 vez ao mes, 3 persoas con discapacidade intelectual e a directora do centro como persoal de apoio das persoas, a 6 sesións xunto con persoas doutras asociacións da provincia da Coruña.
 - **Obradoiro de arteterapia e dó "Lémbroche en cores"**, 6 de xuño, cunha duración de 2 horas. Levado a cabo nas instalacións do centro ocupacional por persoal de Fademga Plena Inclusión Galicia. Participaron 12 persoas de AMIPA.
 - **Acto de Andaina Pro Saúde Mental, de Dodro, no Día da Saúde Mental**, 10 de outubro. Acudimos ás instalacións do seu centro, CPRL de Dodro, no que tivo lugar a lectura do manifesto e unha posterior convivencia. Participaron 4 persoas con discapacidade.
 - No Pazo do Faramello (Rois) compartimos coa **Asociación Agadea Alzheimer** un espazo de encontro aproveitando unha das súas paradas do **Camiño de Lembranzas**, no mes de setembro. O Concello de Rois convidou ao centro a levar unha mostra da artesanía que elaboran as persoas de AMIPA.
 - Recibimos en setembro a visita da **Malta Music School e a Vilani Music School de Letonia**, desenvolta nun programa de intercambio europeo do Concello de Rois. Unha persoa con discapacidade foi a encargada de realizar unha visita guiada polas instalacións. Na mesma, coñeceron as instalacións do centro e os proxectos, programas e actividades de AMIPA, con mención especial ao "Programa de Música á Carta" que desenvolven un grupo de 5 persoas con discapacidade. Unha representación de AMIPA acudiu ao concerto conxunto coa agrupación da ESMU de Rois e do CPPI Os Dices, no auditorio de Rois.



- Recibimos a visita en novembro dunha **delegación do municipio de Pàszto (Hungría)**, co cal o Concello de Rois está irmandado, formada por políticos/as e representantes da administración. Trátase dunha visita que ten como obxectivo principal coñecer a parte socioeconómica de Rois. Logo dunha presentación sobre que é AMIPA e o traballo ocupacional da asociación, explicado por tres persoas con discapacidade, realizaron unha visita guiada polas instalacións acompañados por dúas persoas da Xunta Directiva.
- **Concerto da Coral Val do Sar**. No mes de decembro, o concello de Rois púxose en contacto para axendar dito concerto nas instalacións do centro ocupacional.
- **Xornada de musical e de celebración do 3 de Decembro, coas persoas de ASDIVALU, Valga (Pontevedra)**, nas instalacións do seu centro. Participaron 7 persoas con discapacidade de AMIPA, 1 persoa da Xunta Directiva e 1 profesional de apoio.

13.11.1 Proxectos con centros educativos

- **IES Camilo José Cela (Padrón)**: levamos a cabo o proxecto "Faladoiros de sensibilización sobre as realidades compartidas de persoas adultas con e sen discapacidade intelectual", comunidade de reflexión sobre a discapacidade en contornas rurais, o confinamento, o illamento social, a posta en valor dos coidados, a familia,... A temporalización foi a seguinte:
03/12/2021: Presentación do proxecto. Participan 5 persoas de AMIPA, 2 profesionais de apoio, 15 alumnas/os e 1 docente do IES.
25/03/2022: Faladoiro "Familia". Participan 5 persoas de AMIPA, 2 profesionais de apoio, e 15 alumnas/os e 1 docente do IES.
11/05/2022: Faladoiro "A normalidade". Participan 4 persoas de AMIPA, 1 profesional de apoio e 10 alumnas/os e 1 docente do IES.
- **IES Macías O Namorado (Padrón)**, no mes de xuño. O instituto levou a cabo neste curso un proxecto consistente no deseño e execución dun mural artístico nos exteriores das súas instalacións, coa historia de Macías, o trovador que dá nome a este instituto. Fomos convidadas a participar na elaboración dunha parte de dito mural. Participaron 4 persoas de AMIPA e 1 profesional de apoio.
- **IES Primeiro de Marzo de Baiona (Pontevedra)**, no mes de outubro. Impartimos unha charla e compartimos conversas co alumnado de 1º y 2º de Ciclo Superior de Animación Sociocultural e Turística, sobre o traballo con persoas con discapacidade. Participaron 4 persoas con discapacidade e 1 profesional de apoio.
- **IES Félix Muriel de Rianxo**. Mantemos diversas colaboracións ao longo de todo o ano, consistentes a maioría deles en elaboración de lotes de



pedidos de artesanía personalizada para proxectos europeos do IES ou proxectos propios.

13.11.2 Outras actividades comunitarias

- 02/04/2022: **15ª Andaina Bisbarra do Sar**. Organizada polos concellos de Padrón, Rois e Dodro. Participou 1 persoa de AMIPA.
- 21/03/2022: **Andaina Solidaria "Rosalía nos Camiños"**. Organizada polos concellos de Padrón, Rois e Dodro, no que AMIPA foi beneficiaria do recadado nas inscricións. Participaron 2 persoas de AMIPA.
- 09/06/2022: **Obradoiro de arteterapia e dó "Lémbroche en cores"**. Desenvolveuse nas instalacións do centro ocupacional por persoal de Fademga. Participaron 12 persoas de AMIPA e 2 profesionais da federación.
- 25/06/2022: **Noite Efervescente do Programa Efervescencia da Radio Galega en colaboración coa Asociación Astronómica IO e a Asociación AMIPA**. Gravación do programa de Radio e posterior observación de estrelas na Casa Rosalía de Castro en Padrón, coincidindo co solsticio de verano. Participaron 3 persoas de AMIPA, 3 familiares e 2 profesionais de apoio. AMIPA convidou á "Asociación Andaina Pro Saúde Mental", CPRL de Dodro da que participaron 6 persoas da mesma, xunto con 30 persoas máis de público en xeral e 3 científicos.
- 11/11/2022: **V Festival Brión Inclúe**. Un grupo de 5 persoas de AMIPA e 1 profesional de apoio acudiron a ver o espectáculo "Forzu2", da compañía Circo Chosco.
- 16/12/2022: visita de todas as persoas do centro, en 3 grupos, ao **Belén artesanal de Valga (Pontevedra)**, declarado de Interese Turístico de Galicia.

4 COORDINACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES

- Coa **Administración Autonómica** (Xunta de Galicia) na asignación de prazas públicas ocupacionais e na prestación do servizo do centro ocupacional.
- Co **SERGAS**, a través dos Centros de Saúde de Atención Primaria dos domicilios das persoas que reciben o servizo.
- Co **centro educativo da Consellería de Educación**, IES Félix Muriel (Rianxo), co IES Camilo José Cela (Padrón) e coa Oficina Municipal de Voluntariado do Concello de Padrón para a realización de proxectos en comunidade compartidos.
- Coa **Deputación da Coruña**, coa área de Servizos Sociais fundamentalmente.



- Comunicación e coordinación coas e cos profesionais dos **Servizos Sociais de Atención Primaria dos Concellos** de Dodro, Padrón, Rois, Brión e Teo e con outros departamentos cos que desenvolvemos distintos programas e actividades, a través de comunicacións telefónicas e escritas.
- **Co CIM Terras de Iria**, axente dinamizador da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional de Prevención da Violencia de Xénero de Padrón. Tamén nos sumamos á Mesa Local de Rois, constituída en decembro de 2022. Participamos nestes grupos interdisciplinar de traballo no que están presentes representantes políticos, técnicas/os de concellos, membros e forzas de seguridade estado, empresas, centros educativos, asociacións...
- Colaboramos con **outras organizacións que traballan para as persoas con discapacidade intelectual dende diferentes estruturas**: Plena Inclusión España, Fademga Plena Inclusión Galicia, Special Olympics Galicia, a Rede de Ocio Inclusivo de Galicia (ROIG), asociacións de Galicia e outras comunidades autónomas.
- **IN-RED**: Asociación Patronal Galega de Entidades da Discapacidade, á que pertence AMIPA. Acollemos a asemblea xeral ordinaria da devandita asociación nas instalacións do centro.
- Participación en proxectos para persoas con discapacidade intelectual e cidadanía en xeral **da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT)**.
- Con **entidades de iniciativa social da Comarca do Sar**: Fundación Rosalía de Castro, Fundación Paideia Galiza, Asociación Andaina Pro-Saúde Mental, asociacións de veciñas e veciños de Rois...
- Coa **Comunidade de Montes "Balouta e Fontecova"** do Concello de Dodro.

5 RECURSOS PERSOAIS

As persoas que participan no desenvolvemento do Proxecto da AMIPA na Comarca do Sar, son:

- Xunta Directiva da Asociación AMIPA, formada por 6 persoas: 4 mulleres e 2 homes. En outubro de 2022 celebráronse eleccións e houbo renovación de cargos.
- 25 persoas con discapacidade intelectual, participantes diarias no Programa desenvolvido por AMIPA.



- 25 socios/as de número.
- 32 socios/as colaboradores/as.
- 12 persoas voluntarias e colaboradoras.

Profesionais que teñen participado no desenvolvemento dos servizos, proxectos e actividades da AMIPA ao longo do ano 2022, son os seguintes:

- Directora-xerente (35 horas semanais).
- Coordinadora-Traballadora Social (20 horas semanais).
- Psicopedagoga (10 horas semanais).
- Terapeuta Ocupacional (38,5 horas semanais) ata agosto.
- Educadora Social (29 horas semanais) dende decembro.
- 3 Educadoras-monitoras (2 cunha xornada de 38,5 horas semanais, 1 cunha xornada de 28,5 horas semanais e 1 cunha xornada de 10 horas semanais).
- 1 Cociñeira, con funcións de limpeza (38,5 horas semanais).
- Educadora Familiar, 2 días á semana (Técnica do Concello de Rois).
- 2 Monitores Deportivos dos Concellos de Padrón e Rois (2 días á semana) en actividades de deporte e saúde.
- Acollemos dúas persoas en prácticas; unha delas do ciclo formativo de Atención a Persoas en Situación de Dependencia do IES Félix Muriel de Rianxo e outra persoa do ciclo formativo de Animación Sociocultural e Turística do IES Primeiro de Marzo de Baiona.

Participación profesional en proxectos:

En FADEMGA Plena Inclusión Galicia:

2 traballadoras participarán, nos vindeiros 4 anos, en 2 comisións: Comisión de transporte e Comisión de centros ocupacionais.

1 profesional de AMIPA participou no mes de setembro na presentación dos resultados do proxecto "Raíces", sobre o acompañamento por parte de varias



asociacións de Galicia ás persoas con discapacidade e unidades de convivencia nos procesos de avellentamento.

Formación:

- Formación sobre o **“Programa integral para a mellora na Detección e intervención en risco de suicidio nas comarcas rurais de Ordes e Ulla-Sar”**. Andaina Pro Saúde mental. Participa todo o equipo de traballo.
19/01/2022: 2 horas (presencial) e 26/01/2022: 2 horas (presencial)
- Formación propia: **“As responsabilidades nunha e dunha asociación”**. Impartida por un avogado en exercicio e con ampla experiencia en asesoramento legal a asociacións. Participa todo o equipo de traballo.
17/02/2022: 2 horas (presencial) e 24/02/2022. 2 horas (presencial)
- Formación: **“Ferramentas para a elaboración de proxectos en entidades sociais”**. Impartido polo xerente de IN-RED. Participa unha persoa da xunta directiva, a xerente e a coordinadora.
08/03/2022: 5 horas (presencial) e 10/03/2022: 5 horas (presencial)
- Formación: **“Vínculos: a importancia das relacións persoais no apoio”**. Impartida por unha psicóloga de EVD Galicia. Participa todo o equipo de traballo.
21/04/2022: 2 horas (presencial), 22/06/2022: 2 horas (presencial), 29/06/2022: 2 horas (presencial)
- Formación en **“Prevención de Riscos Laborais”**. Impartida por unha técnica en prevención de riscos de Ibersys. Participa todo o equipo de traballo. 14/06/2022: 1 hora (presencial).
- Formación en liderado: **“Virada Liderado”, de Algalia Soc. Cooperativa Galega e a Fundación EDE, de Euskadi**. Participa 1 persoa da xunta directiva. De marzo a xuño de 2022.
- Formación: **“Estratexia para a Xestión das Relacións laborais”**. Impartido por EGA consultores. Participa a xerente e a coordinadora.
27/07/2022: 5 horas (presencial) e 28/07/2022: 5 horas (presencial)
- Formación: **“Intelixencia Emocional aplicada ás relacións laborais”**. Impartido por EGA consultores. Participa a xerente.
28/11/2022: 9,5 horas (presencial)

6 HORARIOS

HORARIO XERAL: O horario de atención ás PCDI en Sorribas no Centro Ocupacional tivo que ser adaptado ás necesidades derivadas da COVID-19 ata o mes de xullo, reducíndose nunha hora diaria que se adica á limpeza e desinfección das instalacións por persoal propio. O horario habitual de permanencia no Centro Ocupacional foi de 10:30 horas a 17:30 horas, de luns a



venres, podéndose ampliar puntualmente por motivos relacionados coas actividades dos programas. O centro ocupacional permaneceu pechado por vacacións estivais ao longo do mes de agosto e días de peche en Nadal e Semana Santa.

HORARIO OCUPACIONAL: Os talleres ocupacionais funcionaron en horario de mañá, de 11:00h a 14:00h do mediodía, e na sesión de tarde de 15:00 horas a 17:30 horas. Tendo unha hora de comedor(14:00h-15:00h).

HORARIO DOS PROGRAMAS: Os programas se desenvolveron en paralelo á actividade laboral. Cunha franxa horaria de 10:30h a 14:00h e de 15:00h a 17:30h.

7. SUBVENCIONES E AXUDAS RECIBIDAS

A procura de novas fontes de autofinanciamento continúa a ser un reto para AMIPA. Os ingresos propios proveñen do copago pola prestación do servizo, da venda de produtos da horta e do Taller de Artesanía, da prestación de servizo a empresas da comarca, de cotas socias/os de número e colaboradores/as... (trátase de fontes de financiamento moito menos estables, e contía inferior aos públicos que dotan de maior estabilidade, e que cómpre seguir desenvolvendo nos vindeiros anos).

Outro ano máis, parte importante das actividades e programas que AMIPA desenvolve para dinamizar os procesos de promoción integral das persoas con discapacidade dependen do **financiamento público** (Xunta de Galicia, Deputación da Coruña e Concellos da Comarca: Dodro, Padrón e Rois), supoñendo máis do 80% dos ingresos.

Contrato de prestación de servizo público:

- Xunta de Galicia: O contrato asinado coa **Consellería de Traballo e Benestar (actual Consellería de Política Social e Xuventude)** con referencia á xestión do servizo público para a reserva e ocupación de prazas públicas en Centro Ocupacional para Persoas con Discapacidade. Na modificación e 12ª prorroga do contrato (do 1 de xaneiro de 2022 ao 31 de decembro de 2022) O importe total facturado no 2022 foi de **142.581,20 €** que corresponde, dunha banda á prestación do servizo de atención diúrna e, doutra banda, á prestación do servizo de transporte.

Subvencións e axudas dos seguintes organismos públicos e privados:

- Xunta de Galicia, Subvencións da **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade** (Programas de Cooperación 2022-2023), concesión para a contratación durante 9 meses, ao 75% da xornada, de 1 educador/a social. O



importe imputado ao ano 2022 foi de **1.228,82€**, sendo o importe total concedido de 19.233,72€

- Xunta de Galicia, **Consellería de Política Social e Xuventude**, a través de FADEMGGA Plena Inclusión Galicia: **9.034,37€** Subvención 2022 para o gasto derivado do incremento salarial pola entrada en vigor do XV Convenio colectivo de Centros de Atención a Persoas con Discapacidade.

- Xunta de Galicia, **Consellería de Política Social e Xuventude**, a través de FADEMGGA Plena Inclusión Galicia: **5.962,61€**. Subvención para o financiamento das actualizacións salariais para o exercicio 2022, derivadas do XV Convenio Colectivo General de Centros e Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade.

- Administración Local: **Deputación da Coruña** para o desenvolvemento de programas de Servizos Sociais, **20.484,36€**, **Concellos de Padrón, 12.000€**, **Rois, 2.000€**, e **Dodro, 500€**, para mantemento de actividades.

-**Obra Social La Caixa, a través de oficina de Padrón: 3.000€**, colaboración para renovación da páxina web de AMIPA.

Rois, a 28 de marzo de 2023

www.asociacionamipa.gal